

Seguimiento e avaliación

I AgroBiotech Innovación

01

Descrición da empresa

CIFGA sitúase como a primeira empresa produtora de materiais de referencia certificados de biotoxinas mariñas en Europa e a segunda no mundo, estando só por detrás do CNRC (Canada National Research Council).

As súas instalacións están localizadas na Facultade de Veterinaria da USC, no Campus de Lugo. CIFGA conta cuns perfís eminentemente técnicos cunha elevada capacidade para desenvolver produtos complexos.



02

Experiencia no programa

CIFGA asistiu a diversas xornadas ofertadas no programa AgroBiotech e tivo presenza no stand compartido para empresas participantes, onde contou con folletos e información comercial.


Segundo as necesidades detectadas realizouse un itinerario de aceleración de "Internacionalización" (de 6 meses de duración), no que se traballou na elaboración dun plan comercial que lles permitira chegar ao mercado dunha forma máis rápida e sólida, favorecendo os primeiros contactos cos clientes obxectivo.

CIFGA valorou moi positivamente a súa participación no Programa AgroBiotech. Destaca o apoio proporcionado para reforzar ideas que tiñan inicialmente e que conseguiron madurar e matizar. Tamén destacan a boa oportunidade que supuxo ter contacto con outras empresas, sobre todo a posibilidade de compartir problemas comúns.

03


Indicadores xerais

Δ BIANUAL (XAN15 - XAN17)



04

Indicadores de madurez



Evolución da empresa en base aos indicadores previamente descritos.

● VALORES DE 2015 ● VALORES DE 2017

05

Indicadores específicos

OBXECTIVOS CURTO E MEDIO PRAZO DO PROCESO DE ACELERACIÓN


Meta

Creación do equipo comercial interno e rede exterior

Selección da nova liña de negocio

Proposta de proxecto á Fase I do Instrumento PEME (H2020)

Lanzamento da nova liña de negocio seleccionada



Resultados acadados

Iniciouse unha colaboración coa compañía estadounidense Abraxis BioScience para a comercialización de toxinas de auga doce.

